

CEL - CIMESA

14/03/2014

Obxecto do acordo:

Acordo suscrito co Organismo de Control Autorizado **CONTROL INDUSTRIAL, MÉTODOS Y ENSAYOS S.L. (CIMESA)** para ofrecer **servizos de Inspección Regulamentaria da Instalación Eléctrica de Baixa Tensión** dos locais dos asociados da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) que o necesiten, con **tarifas exclusivas** para este convenio.

É de destacar que a CEL considera de especial interese este tipo de servizos, por canto coa entrada en vigor, en setembro de 2003, do novo Regulamento de Baixa Tensión (RD 842/2002), estableceuse a **obligatoriedade de realizar inspeccións iniciais e periódicas, cada 5 anos, en diversas instalacións eléctricas de baixa tensión**, entre as que se atopan os locais de pública concorrencia como bares, cafeterías, restaurantes, hostais, hoteis, clínicas, locais comerciais, locais con risco de incendio e explosión como talleres de reparación de vehículos, entoutros (ao final desta información pode descargarse documento máis amplo con información detallada sobre as instalacións que teñen que ser sometidas a inspección).

Esta inspección ha de ser efectuada por un Organismo de Control Autorizado (OCA), como CIMESA. A maiores, **non realizar as inspeccións en prazo podería ser considerado como infracción grave pola Consellería de Economía e Industria, o que levaría aparelladas sancións que oscilan entre os 300 e os 3.000 .**

Ademais, en caso de accidente eléctrico **as compañías aseguradoras poderían non facerse cargo** se a instalación non superou a inspección regulamentaria correspondente.

Servizos e bonificacións:

CIMESA comprométese en virtude do acordo suscrito coa CEL a facilitar **asesoramento e información** aos asociados da devandita Confederación en relación a calquera dúbida ou consulta que poida xurdirles respecto da necesidade de inspección das instalacións eléctricas de baixa tensión dos seus locais.

Comprométese igualmente a realizar, aos clientes que soliciten e acepten o orzamento previo, un **control rigoroso das instalacións por parte dos enxeñeiros - inspectores da empresa**, e emitir o correspondente certificado de inspección ante a Consellería de Economía e Industria.

Os asociados á CEL gozarán dun trato preferente por parte de CIMESA, con tarifas exclusivas para este convenio, que levan aparellados **descontos especiais** de até un 20% nas súas tarifas habituais.

Procedemento para acollerse:

As empresas interesadas en acollerse a este convenio poden porse en contacto con CIMESA para solicitar orzamento especial, **acreditando a súa pertenza á CEL vía certificado expedido por esta organización empresarial** (para solicitar certificado, chamar ao teléfono da Confederación 982 23 11 50).

Para solicitude de información e tarifas, contactar con CIMESA no número de teléfono 982 21 98 39 ou na dirección de e-mail cimesa@telefonica.net.

<https://www.cel.es/gl/documentacion/1330/cel-cimesa/>